

Presidenta:

Dona Silvia García Gonzalez

Secretaria

Ana María Suárez Mariño

Vocais

Profesorado

D. Juan Carlos Meana Martínez

D. Fernando Suárez Cabeza

Alumnado

Dna. Vanesa Mosquera Cabanas

Dna. Catarina Mosquera Pena

D. Román Corbato Pérez

PAS:

Dna. Lucrecia María López Rubianes

COMISIÓN AMBIENTAL CAMPUS GREEN

17 de xuño de 2016

Ás 12.40 H. do día da data, na sala de xuntas do decanato da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, baixo a presidencia da Sra. Decana Silvia García González, e coa asistencia dos membros que á marxe se relacionan, escusan a súa ausencia, Dna. Vanesa Mosquera Cabanas e D. Román Corbato Pérez, celébrase reunión ordinaria desta Comisión delegada da Xunta de Facultade para tratar os asuntos que se relacionan na seguinte

ORDE DO DÍA

- 1- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 27 de marzo de 2015
- 2- .Elaboración de propostas para o Programa Green Campus (sensibilización, concienciación e educación ambiental).
- 3- Rogos e preguntas

—o0o—

- 1 Aprobación, se procede, da acta da sesión de 27 de marzo de 2015

Apróbase a acta por asentimento.

- 2 Elaboración de propostas para o Programa Green Campus (sensibilización, concienciación e educación ambiental).

Desde Campus Green solicítase que a comisión Green da Facultade achegue propostas sobre accións que se vaian levar a cabo para a sensibilización e concienciación do alumnado e demais persoal do centro.

A decana informa que a proposta dos sobres reutilizables que se achegou desde o centro no curso pasado foi implantada desde o Campus pero aínda non se conseguiu que normalizara o seu uso. Hai que seguir insistindo no uso destes sobres e demandar dos distintos Servizos e Unidades que se potencie e manteña a implementación do sobre reutilizable.

Unha das propostas que se presenta é a realización dun taller de deseño de mobiliario de reciclaxe de madeira. Poderíanse realizar e instalar uns asentos de madeira no patio da facultade para poder debuxar e traballar ao aire libre.

Outra das propostas é solicitar á OMA a realización dunha charla para o alumnado e os docentes de 1º e 2º curso sobre a reciclaxe dos diferentes residuos que se xeran ao longo do curso.

Solicitarase cartelería coas instrucións axeitadas sobre cada proceso para colocar nas aulas. Proporase que o deseño da cartelería se lle encargue á Delegación de Alumnos para que se impliquen no proceso de concienciación.

Proponse tamén o cambio de fluorescentes a lámpadas Led. Na facultade xa están instaladas na entrada do edificio. Considerase que debería ser a Unidade Técnica a encargada de executar este cambio en toda a facultade.

3 Rogos e preguntas.

Fernando Suárez propón que se solicite un bolseiro para a colaboración nas tarefas de concienciación e sensibilización.

Juan Carlos Meana chama a atención sobre a falta de proposta desde a Reitoría para realizar os cambios (ex. Led) de xeito coordinado para toda a Universidade.

Lucrecia López expón que non todo cambio ten que ser positivo, hai exemplos de cambios que se realizaron e que non supuxeron ningún aforro nin económico nin en tempo. Propón que a medida que se vaian estragando os fluorescentes sexan substituídos por Leds.

Sen máis asuntos que tratar, remata esta reunión sendo as 13:00 H. do día da data.

Vº Bº
A PRESIDENTA

A SECRETARIA